

Prazo de presentación das solicitudes de admisión de novos alumnos

- Os novos alumnos que queiran presentar solicitude de admisión neste centro terán que facelo do 2 ao 23 de marzo ámbolos dous incluídos (o venres 20 este centro estará pechado por día non lectivo).
- Os impresos da solicitude estarán a súa disposición na Conserxería do centro, na aplicación admisión alumando ou atopalos na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- As solicitudes poderán presentarse no centro que se solicita en primeiro lugar de forma presencial ou facelo na aplicación informática : <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/> a través do menú **Solicitudes - Admisión - Crear solicitude de admisión**. Feito iso poden optar por: Imprimir dito formulario e achegalo ao centro educativo que figura en primeiro lugar ou se dispoñen de certificado dixital ou chave 365, presentalo en Sede Electrónica a través da aplicación.

NOTA INFORMATIVA:

Lémbrese aos pais, nais ou titores legais que só se pode presentar unha única solicitude no centro no que se solicita praza en primeiro lugar. A infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle e determinará a escolarización da alumna/o conforme ao procedemento subsidiario regulado no Capítulo IV da Orde. Tamén deberán renunciar á praza no centro onde teñan reserva automática.

A reserva no IES Rego de Trabe é automática para os alumnos xa escolarizados no noso centro, polo que os que queiran solicitar praza noutro IES distinto deberán presentar a renuncia neste centro antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión (ata o día 29 de febreiro).

Todos os alumnos de 6º primaria procedentes dos centros adscritos (CEIP Sofía Casanova, CEIP Isaac Díaz Pardo e CEIP Vila de Rutis) e que fixeron a reserva de praza no período do 1 ao 15 de febreiro no seu centro de primaria, obtiveron praza. Queda pendente a formalización da matrícula no período ordinario de xuño .

Calendario de admisión de alumnado para o curso 2020/21

- Sorteio público para extraer as letras que resolverán posibles empates de puntos no proceso de admisión: 26 de febreiro, ás 10:30 h.
- Publicación de postos escolares vacantes: antes do 1 de marzo
- Presentación de solicitudes para novos alumnos: do 2 ao 23 de marzo.
- Presentación da documentación acreditativa dos criterios de admisión no caso de non haber vacantes suficientes para todas as peticións: ata o 14 de abril.
- Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos: antes do 25 de abril
- Prazo de reclamación ante o consello escolar do centro: 5 días hábiles desde a publicación das listaxes.
- As reclamacións resolveranse no prazo de 5 días hábiles.
- Publicación das listaxes definitivas: antes do 15 de maio
- Prazo de interposición de recurso de alzada ante o titular da xefatura territorial: un mes a partir do día seguinte da publicación.

Prazo para a formalización da matrícula.

Todos os alumnos (incluídos os alumnos do centro) deberán formalizar a súa matrícula nos prazos sinalados a continuación. De non facelo así perderán o seu dereito á praza.

Prazo ordinario (para alumnos que aprobaron todas as materias na convocatoria de xuño): do 25 de xuño ao 10 de xullo.

Prazo extraordinario (para os alumnos con materias pendentes en xuño): do 1 ao 10 de setembro.